

## O proxecto de Cine Accesible recibe o premio «Cibermax á Cultura 2009»

ABC

SANTIAGO. O proxecto Cine Accesible, que desenvolven Navarra de Cine S.L. e a Fundación Orange e co que colabora Filmax, foi galardoado co «Premio Cibermax á Cultura 2009», concedido pola Fundación Cibervoluntarios. O premio é un recoñecemento a iniciativas que fomentan, mediante ferramentas tecnolóxicas, a difusión de actividades culturais e educativas.

«Cine Accesible» deseña, desde 2007, sesións de cine abertas a persoas con e sen discapacidade, con películas de recente estrea, segundo informa Navarra de Cine S.L. Segundo a entidade, máis de 8.500 persoas gozaron do «Cine Accesible» nas máis de 70 proxeccións realizadas ata o momento. Así mesmo, destacaron que moitas persoas con discapacidade descubriron o cine por primeira vez grazas a este innovador proxecto. «Cine Accesible» conta este ano con películas como «Slumdog Millionaire»; «Os abrazos rotos», ou o «Pagafantas».

## Os gráficos, preocupados polos efectos da crise económica

R. G.

SANTIAGO. A Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia mantivo recentemente unha reunión cos voceiros dos tres Grupos Parlamentarios galegos para informalos da problemática do sector gráfico que está a sufrir os efectos da crise económica e financeira mundial, así como o impacto da revolución dixital, coa chegada dos *e-books* e as peculiaridades dun sector que existe un elevado investimento e está moi atomizado.

Jacobo Bermejo comentou aos parlamentarios que o fin das xuntanzas é «concienciar da importancia e a situación do noso sector. Dende a AEA-GG queremos que a Xunta de Galicia declare ao sector gráfico como estratégico, o que axudaría a incrementar a competitividade dos seus 5.000 traballadores», dixo.



ABC

### «Has de ser máis rápido ca o ictus»

Baixo o lema de «Sé máis rápido que o ictus», máis de cincocentos galegos acudiron durante estes días pasados ao chamamento da Sociedade Galega de Neuroloxía con motivo do Día Mundial desta doenza, un mal de especial incidencia en poboacións envellecidas, como é o caso da que ocupa a esta Comunidade.

## Lingüistas, informáticos máis empresas abordan os avances

O procesamento da linguaxe e recuperación de información, a debate

ABC

SANTIAGO. A Rede Galega de Procesamento da Linguaxe e Recuperación de Información (Rede PLIR), financiada pola Consellería de Innovación e Industria, está integrada por sete grupos de investigación das tres universidades galegas. Os grupos, nos que participan lingüistas e expertos en Ciencias da Computación, se reúnen dende onte na Facultade de Filoloxía de Santiago para presentar os seus principais avances e intercambiar resultados con empresas que se dedican á xestión documental e tecnoloxía lingüística.

O ámbito común de traballo é o procesamento da linguaxe humana mediante aplicacións informáticas, o que ten interese tanto dende o punto de vista do estudo lingüístico como do informático. En xeral, as aplicacións neste eido están destinadas a achegar a linguaxe dos ordenadores á linguaxe humana, co fin de mellorar a interacción do home co ordenador.

A tradución automática en tempo real, o futuro

O lingüista e académico Guillermo Rojo abriu as Xornadas cunha exposición na

que subliñou a importancia de «progresar da información ao coñecemento», e puxo o exemplo de que se preguntamos nun buscador de Internet pola evolución do PIB dun determinado país nun período de tempo dado, conteste efectivamente ao que se inquirir, en vez de ofrecer unha moza de páxinas indiscriminadas onde aparecen as siglas PIB, etcétera. Nesta liña, o profesor Rojo afondou na necesidade de refinar as búsqueda: «A busqueda intelixente de información e a súa conversión en coñecemento require, como mínimo, aportar variantes ortográficas, resolver diferenzas morfolóxicas (xénero, número, formas verbais), integrar sinónimos e hipónimos (palabras cuxo significado está incluído no doutra, como pardal con respecto a

paxaro), e dar expresións equivalentes noutras linguas». Con respecto ao futuro da tradución automática, Rojo indicou que o ideal, aínda lonxe, consiste en «lograr que alguén fale na lingua A e outra persoa poida oír, en tempo real, a súa tradución á lingua B».

O profesor Rojo concluíu que a existencia de computadoras, as redes e a masa de información xerada esixe o desenvolvemento de procedementos automatizados que poidan axudar aos seres humanos a «organizar a enorme masa de información existente en centos ou miles de linguas distintas».

Para poder acadar todos os avances previstos en informática, é necesario ordenar todos os datos que hai actualmente en rede. Nesta liña, destacou a presentación do grupo de investigación da Universidade de A Coruña, Information Retrieval Lab (IR Lab), que, coordinado por Álvaro Barreiro, leva máis de dez anos inmerso no estudo da recuperación de información. Ademais, presentaron Lexisla, un buscador legislativo que se actualiza diariamente e segmenta toda a información.

**Presentouse unha aplicación que permitiría dixitalizar e estruturar todo o patrimonio cultural documental**

### FARMACIAS

#### A CORUÑA

Diurno (de 9:30 a 22 horas): Plaza de Pontevedra, 13; Avda. Fernández Latorre, 53; Torre, 54; Paseo de los Puentes, 10; Vila de Negreira, 42; San Nicolás, 17; Manuel Azaña, 21; Rafael Bárez, 14; Ronda de Outeiro, 261; Riego de Agua, 48; Juan Flórez, 113-115; A. del Pasaje-Ctra del Burgo, 31; Real, 92.

Nocturno (22 a 9.30 horas): Torre, 54; Avenida del Pasaje-Carretera del Burgo, 31; La Gramela, 28.

#### SANTIAGO

Diurno (de 9:30 a 22 horas): Toural, 11; San Pedro de Mezonzo, 34; Santa Marta de Arriba, 4-6; Frei Rosendo Salvado, 18; Castiñeiriño, 12; Galeras, 14; Porta Faxeira, 1; Restollal, 47; Madrid, 12; Galeras, 9; Cantón do Toural, 1; Avenida República Arxentina, 43.

Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Toural, 11; Madrid, 12; Avenida República Arxentina, 43.

#### FERROL

Diurno: Carretera de Castilla, 23; Real, 94 y 165; Galiano, 71; Rubalcaba, 22.

Nocturno (de 22 a 9.30 horas): Carretera de Castilla, 23; Plaza del Callao, 15.

#### PONTEVEDRA

Diurno (de 9:30 a 22 horas): Oliva, 30; Rosalía de Castro, 7; Echegaray, 12.

Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Plaza de España, 1; Oli-va 2, Galerías local 12-14.

#### VIGO

Diurno (de 9:30 a 22 horas): Avda. Florida, 79; Urzaiz, 176; Avda. O Grove, 2; Avda. C. Vázquez, 176; Sanjurjo Badía, 192.

Nocturno (de 22 a 9.30 horas): Ronda D. Bosco, 3; Urzaiz, 176; Avda Florida, 5.

#### LUGO

Diurno (de 9:30 a 22:30 horas): Santo Domingo, 2; Ronda Muralla, 1; Avenida de A Coruña, 299; Camiño Real, 19; San Pedro, 2.

Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Aquilino Iglesias Alvarino, 1; Ramón Ferreiro, 3; Plaza Ramón Falcón, 1.

#### OURENSE

Diurno (de 9.30 a 22 horas): Avenida de Zamora, 148; Vicente Risco, 30; Santo Domingo, 86; Progreso, 153; Avda Marcelo Macías, 75; Curros Enríquez, 10; Avenida de Buenos Aires, 4.

Nocturno (de 22 a 9:30 horas): Progreso, 153; Avenida de Castelao, 22.